



DATOS IDENTIFICATIVOS

Orientación e Función Titorial

Materia	Orientación e Función Titorial			
Código	O02M066V04101			
Titulación	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Ciencias Sociais. Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3.5	OB	1	1c
Lingua de impartición				
Departamento				
Coordinador/a	Rodríguez Rodríguez, Juan Luís Ojea Rúa, Manuel			
Profesorado	González Fontão, María del Pilar Ocampo Gomez, Camilo Isaac Ojea Rúa, Manuel Rodríguez Rodríguez, Juan Luís			
Correo-e	juanluisrr@uvigo.es moxea@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia "Orientación e Función Titorial", está integrada no módulo común do Máster Universitario para o Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. O contido curricular desta materia pretende ser unha ferramenta eficaz, práctica e operativa para o estudante "futuro docente" ó tratar de situar os procesos de orientación e titoría na labor educativa diaria, así como establecer planes e programas de acción titorial partindo dun plantexamento educativo inclusivo e altamente persoalzado en colaboración cos equipos docentes, estudantes e familias			

Competencias de titulación

Código

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Tipoloxía	Resultados de Formación e Aprendizaxe

- 1 Comprender os conceptos de orientación e de tutoría así como as súas relacións coa función docente.
- 2 Valorar a importancia da orientación e da tutoría no ensino en secundaria.
- 3 Sensibilizar ó profesorado da necesidade de participar activamente na orientación e tutoría sistemática dos seus alumnos/as.
- 4 Coñecer as principais referencias legislativas relacionadas coa orientación e a tutoría
- 5 Comprender a organización e a estrutura do Plan de Acción Titorial para un centro de ensinanza.
- 6 Delimitar as funcións, tarefas, contidos e destinatarios da intervención titorial.
- 7 Coñecer algunhas técnicas e instrumentos de traballo a empregar na realización da labor titorial.
- 8 Informar e asesorar ás familias respecto do proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos así como a orientación persoal, académica e profesional que precisen.

Competencias da materia (xenéricas e específicas)

- 1 Coñecer os conceptos e procedimentos básicos do ámbito disciplinar.
 - 2 Dispoñer dunha fundamentación teórica que permita comprender os aspectos sobre os que debe de asentarse a orientación e a función titorial.
 - 3 Construír unha base de coñecementos, actitudes, destrezas e habilidades técnico-profesionais para o desenvolvemento da función titorial.
 - 4 Coñecer e tomar conciencia da lexislación reguladora sobre a orientación e a función titorial.
 - 5 Ser capaz de identificar e aplicar os elementos principais do plan de acción titorial.
 - 6 Ser capaz de traballar en grupo cos membros da comunidade educativa e con equipos interdisciplinares/multidisciplinares.
 - 7 Dispoñer de habilidades sociais e ser capaz de aplicar estratexias para a resolución de conflitos.
 - 8 Ser capaz de abordar e resolver problemas de disciplina na aula.
 - 9 Ser quen de promover e manter a comunicación coa familia e o entorno.
 - 10 Ser capaz de deseñar e aplicar programas de atención ó alumnado e á diversidade, así como de apoio ás familias.
-

Contidos

Tema

- 1.- Bases conceptuais do ámbito disciplinar.
 - 2.- Bases legislativas da orientación e función titorial.
 - 3.- Diagnóstico, prevención e intervención nas dificultades de aprendizaxe e da atención á diversidade.
 - 4.- Programas e estratexias de intervención para a atención á diversidade.
 - 5.- Medidas de atención á diversidade e adaptacións curriculares.
 - 6.- Deseño e desenvolvemento do Plan de Acción Titorial. Estratexias e técnicas de orientación na tutoría.
 - 7.- A participación das familias en centros e a súa orientación.
-

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Sesión maxistral	9	19	28
Traballos tutelados	1	30	31
Cartafol/dossier	0	2	2
Outras	0	0	0
Probos prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	6.5	19	25.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.

Traballos tutelados	O estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. Xeralmente trátase dunha actividade autónoma do/s estudante/s que inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción...
---------------------	--

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	A atención personalizada ao alumnado farase fundamentalmente a través de: Titorización presencial: No despacho do profesorado ou por teléfono en horario de titorías. Titorización vía correo electrónico: dúbidas sobre a realización de traballos, actividades, exames, etc. Teleformación coa plataforma Faitic: para comunicados/avisos, entrega de documentos/materiais, envío de actividades/exercicios, etc.
Probas	Descrición
Cartafol/dossier	A atención personalizada ao alumnado farase fundamentalmente a través de: Titorización presencial: No despacho do profesorado ou por teléfono en horario de titorías. Titorización vía correo electrónico: dúbidas sobre a realización de traballos, actividades, exames, etc. Teleformación coa plataforma Faitic: para comunicados/avisos, entrega de documentos/materiais, envío de actividades/exercicios, etc.
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	A atención personalizada ao alumnado farase fundamentalmente a través de: Titorización presencial: No despacho do profesorado ou por teléfono en horario de titorías. Titorización vía correo electrónico: dúbidas sobre a realización de traballos, actividades, exames, etc. Teleformación coa plataforma Faitic: para comunicados/avisos, entrega de documentos/materiais, envío de actividades/exercicios, etc.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Cartafol/dossier	Documento elaborado polo estudante que recompila información sobre as experiencias, proxectos, tarefas e traballos realizados durante o proceso de formación.	40
Outras	Asistencia e participación	20
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Probas para a avaliación que inclúen actividades, problemas ou exercicios prácticos a resolver. Os alumnos deben dar resposta á actividade formulada, aplicando os coñecementos teóricos e prácticos da materia.	40

Outros comentarios sobre a Avaliación

Observacións:

Universidade de Vigo

Guía Docente da materia

- Para acadar unha **avaliación continua positiva**, dada a modalidade de ensino presencial do Master, esíxese a todo o alumnado unha asistencia presencial dun mínimo do 80% das sesións (admisible a falta do 20% das horas) ademais da realización e entrega de tarefas ponderables.

- Os prazos de entrega das actividades, traballos, etc. serán comunicados o primeiro día de clase coa presentación do programa da materia. É necesario respetalos estrictamente para ser cualificados na avaliación continua.

- O alumnado que **non obteña unha avaliación continua positiva** sobre os parámetros expostos anteriormente, poderá presentarse a unha proba escrita (data marcada no calendario do mestrado para exames oficiais) sobre todos os contidos traballados. Esta proba estará baseada na rigurosidade e profundización dos coñecementos e competencias acadadas polos alumnos/as na materia e terá una ponderación de 10 puntos (100% de la nota final).

Bibliografía. Fontes de información

ÁLVAREZ, M. e BISQUERRA, R. (2012), *Orientación educativa: áreas, estrategias y recursos*. Barcelona, Wolters Kluwer España.

BLASCO CALVO, P. (2006). Estrategias psicopedagógicas para la diversidad en educación secundaria. Casos prácticos

resueltos. Valencia: Nau Llivres (pp. 54-55).

MARTIN, X. e outros (2008). *Tutoría. Técnicas, recursos y actividades*. Madrid: Alianza Editorial.

MARTÍN, E. e ONRUBIA, J. (2011). *Orientación y tutoría. Procesos de innovación y mejora de la enseñanza*. Barcelona: Graó.

MARTÍNEZ, M.de C. (2012), *Orientación educativa en la familia y en la escuela: casos resueltos*. Madrid: Dykinson.

MARTÍNEZ GONZÁLEZ, M^a de C. (2007). *Orientación educativa y tutoría*. Madrid: Sanz y Torres.

OCAMPO, C. I. (2012). Tutoría educativa en los diversos niveles y escenarios pedagógicos. En L. M. Sobrado, E. Fernández y M. L. Rodicio (Coords.). *Orientación Educativa. Nuevas perspectivas* (pp. 217-243). Madrid: Biblioteca Nueva.

SARMIENTO, J. A. (2012). Estrategias y acciones de asesoramiento social y familiar. En L. M. Sobrado, E. Fernández y M. L. Rodicio (Coords.). *Orientación Educativa. Nuevas perspectivas* (pp. 297-322). Madrid: Biblioteca Nueva.

- Revista de Investigación Educativa RIE. <http://dialnet.unirioja.es/servlet/revista?codigo=1187>
- Cuadernos de Pedagogía. <http://dialnet.unirioja.es/servlet/revista?codigo=378>
- Familia. <http://dialnet.unirioja.es/servlet/revista?codigo=580>
- Revista Iberoamericana de Educación. <http://dialnet.unirioja.es/servlet/revista?codigo=7466>

ALGUNHAS WEBS DE INTERESE

- Banco de imaxes e sons do MEC. <http://recursostic.educacion.es/bancoimagenes/web/>

Recomendacións